

## UGT-GALICIA CONSTITÚE A ORGANIZACIÓN XUVENIL RUGE

ESTA ORGANIZACIÓN AGLUTINARÁ AOS MÁIS MOZOS E MOZAS DO SINDICATO E PRETENDE CONVERTERSE NUN REFERENTE NO EIDO SOCIAL E LABORAL

### Redacción.-

UGT-Galicia constituíu este mércores en Santiago RUGE, a organización que aglutinará ás persoas máis mozas do Sindicato, as menores de 35 anos. Ao fronte da mesma estará Daniel González e o resto da Executiva estará formada por Olaya González, David Diéguez, Alejandro Sánchez e María Romero.

Este acto de constitución, que tivo lugar o mércores na sede de UGT-Galicia en Santiago, reuniu a mozos e mozas procedentes de toda Galicia que tamén na mesma xornada participaron en varios talleres formativos co obxecto de adquirir as armas necesarias para acometer a acción sindical entre os mozos e mozas galegas, co fin de dar resposta ás problemáticas ás que se enfrontan tanto no eido laboral como noutros ámbitos do seu día a día.

Entre os talleres que se desenvolveron, destacan, “A acción sindical, unha constante actualización cara a transformación que vén” ou “A acción sindical nas plataformas de reparto e de contido”.

A partir de agora, RUGE en Galicia ten por diante varias liñas de traballo e retos que acometer, a formación sindical dos máis mozos do Sindicato; formación no eido laboral, para a mellora da empregabilidade; a loita pola igualdade; a loita contra a violencia de xénero; a defensa dos dereitos laborais dos máis mozos; integración laboral dos colectivos máis desfavorecidos; orientación profesio-



nal; ou prevención de drogodependencias e outras adicións no eido laboral, entre outras materias nas que traballará a nova organización.

### Mercado laboral dos máis mozos

Concretamente, no eido laboral, son moitos os retos. Porque, a pesar de que a reforma laboral mellorou, e moito, o noso mercado de traballo, mellorando tamén as condicións dos máis mozos, aínda hai moitas eivas. A taxa de desemprego está para este colectivo en Galicia no 16,6%, a taxa de actividade no 58,12% e a fenda salarial con respecto ao conxunto de idades é do 20,5%. En canto á temporalidade, hai que salientar que esta continúa pero este indicador mellorou, e moito, grazas á reforma laboral. De feito, se antes da entrada en vigor desta normativa a contratación indefinida entre os máis mozos non superaba o 6%, agora xa está no 34%. Isto evidencia que este é o camiño, o do diálogo e a concertación,

para chegar a novos acordos que vaian na liña da mellora do mercado laboral en xeral e tamén dos máis mozos. E aí estará UGT-Galicia e, por suposto, RUGE.

Trátase de que RUGE funcione como unha organización xuvenil que traballe para os máis mozos e que lle diga ao Sindicato que pensa e que quere. Será unha organización que estará nos centros de traballo acompañando aos máis mozos, defendendo os seus dereitos e vixiando as súas condicións laborais. Pero tamén vai ser unha organización que estea nos problemas e conflitos sociais que afecten a este sector da poboación para analizar, facer achegas e loitar polos seus dereitos.

En definitiva, trátase de escoitar ás xeracións máis mozas e dar espazo ás novas formas de entender o sindicalismo que nacen nelas. Hai que adaptarse ás novas demandas dunha sociedade cambiante, revitalizando os espazos de construción colectiva.

# ASEMBLEA DE AFILIADAS E AFILIADOS

**19 XUÑO 11:00 HORAS**

**AUDITORIO FORUM METROPOLITANO**  
Rúa Río Monelos, 1; A Coruña

## PEPE ÁLVAREZ

SECRETARIO XERAL DE UGT

### Asemblea o día 19 na Coruña coa intervención de Pepe Álvarez

**Redacción.-** UGT-Galicia organiza o vindeiro día 19, a partir das 11.00 horas, no Auditorio do Forum Metropolitano da Coruña unha asemblea de afiliadas e afiliados na que intervirá o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez. Fará unha análise da situación actual, cunhas eleccións xerais ás portas, e tamén fará un percorrido polo que foi o traballo sindical.



### X ENCONTRO DE XUBILADOS DE UGT EN CAMARIÑAS

**Redacción.-** A Unión de Xubilados e Pensionistas (UXP) de UGT-Galicia celebrou o sábado en Camariñas o seu X Encontro, unha xuntanza reivindicativa e festiva que reuniu a máis de 400 persoas. A primeira hora da mañá desenvolveuse un acto sindical no que se debatiu sobre as pensións, o seu presente e futuro. Abriu o acto a alcaldesa de Camariñas e interviñeron os secretarios xerais de UGT-Coruña-Cee, da UJP, da UXP e de UGT-Galicia e a secretaria de Política Institucional e Políticas territoriais de UGT. Acto seguido celebrouse unha visita cultural e un xantar.



### O SECTOR DO METAL DE PONTEVEDRA INICIA MOBILIZACIÓNS POLA PASIVIDADE DA PATRONAL ANTE O NOVO CONVENIO

**Redacción.-** UGT-FICA Pontevedra, xunto con CCOO e CIG, veñen de presentar un calendario de mobilizacións para demandar un convenio digno para o sector e denunciar a pasividade da patronal na negociación do novo texto.

Concretamente, o calendario arranca hoxe, cunha concentración a partir das 11.00 horas fronte a Asime, á que lle seguirán tres xornadas de folga, os días 15, 20 e 22.

A día de hoxe, a oferta da patronal pasa por un incremento de tan só un 4,5% para tres anos sen cláusula de revisión salarial. Oferta, claramente insuficiente.

Ademais, propoñen outras medidas regresivas que os sindicatos non van aceptar, como reducir o número de días por nacemento de fillos, conxelar os valores de desprazamentos, introducir ás ETT no sector, limitar as vacacións ou endurecer o réxime de sancións.

Rubén Pérez (UGT-FICA) amosa o seu rexeitamento frontal a esta proposta e aposta porque o convenio da provincia sexa un convenio de referencia e non un convenio á baixa. Isto pasa por unha cláusula de revisión salarial, garantir a subrogación entre empresas privadas ou reducir a xornada anual. Pérez



criticou duramente a actitude dunha patronal inmobilitista que está a ralentizar a negociación e considera que este convenio debería estar pechado antes do verán.

A próxima reunión terá lugar o día 12.



## DOUS DÍAS DE FOLGA EN ABAI CONTRA O ERTE QUE PRESENTA A EMPRESA

**Redacción.-** Abai Business Solutions, S.A.U. propón un ERTE que afectaría a 341 traballadoras e traballadores en todo o Estado, 70 no centro da Coruña.

Abai é unha empresa de telemárketing que ofrece servizo a grandes compañías como Movistar, Taxdown, Inditex ou administracións públicas como foi o caso da Xunta de Galicia que lle adxudicou un contrato millonario polo servizo de rastrexo do Covid-19.

Este ERTE supón un paso máis na estratexia que ten en marcha a Dirección que consiste en precarizar aínda máis as condicións laborais e arrebatar os dereitos adquiridos.

O Comité de Empresa do Centro da Coruña opónse frontalmente a este ERTE co que se pretende mandar ao desemprego durante 12 meses prorrogables ás persoas afectadas, o que conleva un grave prexuízo económico. Este Comité considera totalmente inxustificada o ERTE nunha empresa que presume publicamente de millonarios beneficios.

O 13 e o 19 de xuño están convocadas, en todos os centros de traballo, dúas xornadas de folga de 24 horas. Coincidindo coa primeira, o 13 de xuño, os sindicatos



que forman parte do Comité do centro da Coruña (UGT, CCOO, CIG e CGT) teñen programada unha concentración ás 12.00 horas diante do centro de traballo, situado no edificio Proa, no barrio de Matogrande.

## FOLGA INDEFINIDA DOS BOMBEIROS COMARCAIS DE TODA GALICIA

**Redacción.-** Bombeiros comarcais de toda Galicia convocaron unha folga indefinida a poucos días do comezo oficial do verán. Primeiro, solicitan que se cumpra unha sentenza do Tribunal Supremo de 2022 para a conversión a persoal laboral fixo dos efectivos e, segundo, demandan un convenio digno. A folga comezará dentro duns 10 días, en función do límite legal establecido polo rexistro da convocatoria.

O pasado luns celebrouse unha asemblea con máis de 200 bombeiros no edificio Cersia, en Santiago, na que votaron por unanimidade a man alzada a proposta de ir á folga. Están convocados uns 500 bombeiros de 25 parques comarcais que se dedican

a incendios urbanos, accidentes ou apoio en lumes forestais de interfece.

A decisión está motivada polo parón na negociación dos convenios da Coruña, Pontevedra e Lugo e polo incumprimento da sentenza do Supremo.

As administracións implicadas na negociación destes convenios pretendían a renuncia, por parte dos traballadores a determinados dereitos a cambio de aplicar a



sentenza do Supremo. A folga, segundo aclararon dende UGT Servizos Públicos, consistirá en limitarse a traballar cada un dos efectivos na súa quenda, sen cubrir outras demandas.

## Máis de medio millón de horas de traballo perdidas ao ano na Xustiza galega polo mal funcionamento das aplicacións informáticas

**Redacción.-** Os programas de xestión procesual "Minerva" e "Fortuny" utilizados nos xulgados, fiscalías e demais servizos xudiciais de Galicia non funcionan adecuadamente, retardan enormemente o traballo e, xunto coa rede de servidores de AMTEGA, son a principal causa de atraso na Administración de xustiza galega.

A diferenza doutras comunidades autónomas, Galicia non ten aplicacións procesuais propias e depende das do Ministerio de Xustiza que é o que as actualiza. Pero as actualizacións dos programas "Minerva" e "Fortuny" non chegan a Galicia ata moitos meses despois de que o Ministerio as instalase, o que ocasiona que a xustiza galega estea no furgón de cola da modernización tecnolóxica.

Por outra banda, os servidores de indexación que utiliza AMTEGA están desfasados e quédanse curtos para o volume que teñen que manexar. Eses servidores o que fan é comunicarse cun servidor central onde se almacena a información que teñen que trasladar aos xulgados pero, como non teñen a capacidade suficiente, os datos circulan con moita lentitude. Ao que hai que engadir que a rede de comunicación que ten montada AMTEGA ten defectos de configuración que provocan continuos microcortes no servizo, polo que en moitas ocasións non se cargan debidamente as demandas e escritos.

A consecuencia de todo isto é que os 2.800 funcionarios e funcionarias que traballan na xustiza galega vense obrigados a pasar ho-

ras de espera para que se cargue a información e executense os programas que necesitan para realizar o seu labor.

Segundo un estudo realizado por UGT-Xustiza, no último ano perdéronse 550.000 horas de traballo debido á precariedade tecnolóxica na Administración de xustiza en Galicia e os casos de tensións multiplicáronse por tres, debido a que os traballadores e traballadoras séntense impotentes ante unha pantalla na que aparece un reloxo de area dando voltas durante moitos minutos (os que tarda en cargar a información), sen que eles poidan realizar o seu traballo. No último ano, UGT denunciou reiteradamente ante a Consellería que AMTEGA non está a cumprir coas súas obrigacións e fíxose caso omiso.

## O SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DE LUGO DEMANDA UN CONVENIO DIGNO

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores do sector da limpeza da provincia de Lugo concentráronse ante a sede da patronal o pasado martes, coincidindo cunha xuntanza da mesa negociadora do convenio, para demandar un texto digno que regule as súas condicións laborais.

Denuncian a actitude da patronal que, ante salarios baixos, con táboas que as veces nin chegan ao SMI, poñan enriba da mesa unha suba cero para o 2022, recoñecerían unha prima de 200 euros; e unha suba do 12% para o 2023, 24 e 25.

Pola contra, desde FeSMC UGT Lugo aclaran que ante unha conxuntura como a

actual, cuns prezos elevados tanto en alimentos como custes enerxéticos e outros conceptos básicos, o que o ofrece a patronal é insuficiente. Os traballadores e traballadoras propoñen o IPC real para o 2022; 4,5 para o 2023; e 5,5% para o 2024.

Todo isto, acompañado dunha cláusula de revisión salarial que garantice o mantemento do poder de compra.

O mércores tivo lugar unha asemblea



na que os traballadores e traballadoras acordaron trasladarlle á patronal unha contraproposta e, se non acepta, continuarán as mobilizacións, incluso, non se descarta ir á folga.

## ASEMBLEA NA CORUÑA PARA ANALIZAR AS CONDICIÓN LABORAIS DOS EMPREGADOS E EMPREGADAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

**Redacción.-** UGT Servizos Públicos Galicia organizou este xoves na Coruña unha asemblea na que se analizaron, debateron e puxéronse enriba da mesa propostas ao redor de diversos temas relacionados coas condicións laborais dos empregados e empregadas da Administración Xeral do Estado.

Durante este acto, o responsable federal de Administración Xeral do Estado de UGT, Carlos Álvarez, abordou diversos aspectos da función pública. Analizouse e debateuse sobre o Acordo marco para unha administración do século XXI; Acordo para a tramitación do Proxecto de Lei de Función Pública da AXE; Acordo para unha nova clasificación dos centros penitenciarios, concurso aberto e permanente; xubilación parcial e anticipada do

persoal laboral da AXE; e Acordo para o novo sistema complementario do IV Convenio único.

Todos eles son temas que teñen especial relevancia no contexto actual e a súa análise e debate, de seguro, vai contribuir a mellorar as condicións laborais e a calidade de vida dos empregados e empregadas públicas da Administración Xeral do Estado.

Esta asemblea celebrouse nun momento importante, xa que van ter lugar as eleccións sindicais das que emanará a representación de cara á negociación colectiva na Mesa xeral e para o desenvolvemento do Acordo marco da Administración do



século XXI, así como a continuidade da tramitación da Lei de función pública da AXE.

## Tras a resposta do Concello, desconvócase a folga do transporte urbano en Santiago

**Redacción.-** Tal e como se acordara na reunión cos responsables municipais, o comité de folga rexistrou unha pregunta no portal de contratación sobre a afectación da sentenza do TSXG sobre as Unións Temporais de Empresas nos concursos públicos do transporte de viaxeiros e sobre se esa sentenza se tería en conta aos efectos dos pregos de condicións do concurso do transporte urbano de Santiago. Finalmente, estas preguntas foron respondidas no día de onte, respectándose os termos previamente avanzados nesa mesma reunión.

A parte social salienta que non é que iso sexa unha solución definitiva máis si a

única saída á que se podía aspirar neste momento tras a publicación dos pregos. Responsabilizan desta situación á falla de diálogo durante os últimos catro anos para aportar a súa visión nas cláusulas sociais dos pregos. E mais cando a única pretensión era a de que os novos pregos axudaran a que non se dividira ao persoal e varias empresas. Unha situación que, por outra banda, de todas as cidades galegas que contan con transporte urbano só ocorre en Santiago. Esta medida ademais de favorecer aos traballadores e traballadoras á hora de defender as súas condicións laborais e que estas sexas as mesmas, serve tamén para que se faga un mellor control da calidade do servizo

ou do estado dos vehículos.

Con esta situación, ao cumprirse o acordado e tal e como xa decidira a asemblea de traballadores celebrada o pasado día 23 de maio, comunicase a desconvocatoria da folga prevista para as datas dos concertos do Son do Camiño. Mais advertindo tamén de que se a empresa ou empresas que resulten adxudicatarias, mesmo nestas condicións, volven tentar dividir as relacións laborais do cadro de persoal pola vía de contratar por diferentes empresas ou pola vía de constituír varios centros de traballo, o conflito reiniciaríase co inicio da nova contrata, algo que tamén se acordou na mesma asemblea.

## O 23-X DEBE CONSOLIDAR OS DEREITOS E LIBERDADES GAÑADOS DURANTE A ÚLTIMA LEXISLATURA

**Redacción.-** As direccións de UGT e CCOO presentaron o balance sindical da lexislatura que acaba de finalizar e reclamaron aos partidos políticos que concorren ás próximas eleccións que “expoñan á cidadanía as súas políticas en relación ás reformas que aumentaron dereitos sociais e laborais durante os últimos anos neste país”

“Desde UGT e CCOO consideramos que foi unha lexislatura singular, baseada no consenso, diálogo, concertación e, en moitos casos, no acordo”, afirmou o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, “que propiciou un número récord de normas pactadas entre os axentes sociais e o Goberno”.

Acordos como a reforma laboral, que “é un elemento cruce e peza fundamental que está a permitir que o noso país estea a dar un xiro total en referencia á contratación e os dereitos laborais e sociais das persoas. Pasar dun 28% ao 14% en relación á temporalidade e aumentar o nivel da contratación indefinida desta maneira supón situarnos en niveis europeos, e iso foi froito do diálogo, a concertación e o acordo”.

Tamén resaltou o acordo de pensións, “que contou co respaldo das organizacións sindicais, e que hoxe sitúa o noso sistema público de pensións cunha viabilidade ata 2050 e unha revalorización automática das pensións con referencia á evolución dos prezos”.

Ademais, destacou outras normas pactadas no diálogo social durante a lexislatura, como “distintos acordos en materia de saúde laboral, a Lei Rider, a lei do teletraballo ou as distintas subidas do SMI, que foi un motor económico e social importantísimo para o noso país”.



### Seguir co diálogo e consenso tras as eleccións

Por iso, Pepe Álvarez quixo “interpelar ás forzas políticas, ás portas dunhas novas eleccións, sobre cales son as súas formulacións en relación a estas reformas. É razoable que a cidadanía deste país saiba con que vai contar despois do 23 de xullo. É un chamamento de resposta a todos os grupos políticos para poder continuar subindo banzos a nivel económico e social. Temos reformas sólidas e consolidadas e sobre elas podemos construír dereitos e liberdades para as persoas deste país”.

Neste sentido, sinalou que o importante “non é o quen, senón o que. Queremos saber a posición das forzas políticas. Teñen a obrigación de facer unha análise das políticas que pensan levar a cabo. Se non hai ese pronunciamento, espero que a cidadanía saiba a que aterse. Ninguén lles pide que legislen de acordo ás nosas preten-

sións. Só apelamos a continuar a senda do diálogo e o consenso para conseguir mellorar os dereitos das persoas traballadoras”.

### Traballar para facer realidade o Estatuto do Bolseiro canto antes

En relación a algunhas das políticas que estaban en marcha antes de finalizar a lexislatura, como é o caso do Estatuto do Bolseiro, Pepe Álvarez considerou que “non se puido levar a cabo por culpa da CEOE”.

“A patronal entra e sae da mesa constantemente e está a impedir o acordo”, considerou. “Traballamos polo acordo tripartito nesta materia, pero volveu a saír da mesa. Os bolseiros non teñen por que esperar á CEOE máis tempo. Creo que os sindicatos e o Goberno continuaremos co traballo para poder poñer en marcha esta reforma canto antes”.

## UGT CONSTITÚE A ÁREA DE ACCIÓN CLIMÁTICA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA XUSTA ‘UGT EN VERDE’

**Redacción.-** O secretario xeral do sindicato, Pepe Álvarez, clausurou as xornadas de medio ambiente de UGT, que durante dous días reclamaron medidas eficientes contra os efectos do cambio climático e unha transición económica, social e medioambientalmente xusta

Unha clausura na que sinalou que a nova área, coordinada por Wifredo Mirou, “ten como misión fundamental traballar non só contra o cambio climático, senón tamén sobre as súas consecuencias. A sociedade e as administracións públicas teñen que ser plenamente conscientes de que o cambio climático é unha realidade xa e cada unha das súas decisións teñen que ir na dirección de combater os seus efectos de maneira inmediata”.

Para Pepe Álvarez, esta área “é un espazo aberto de debate, proposta, traballo e

implicación sobre aqueles temas que a sociedade nos está reclamando. Máis de 800 persoas apuntáronse na App do sindicato para participar na área verde de UGT. Hai unha conciencia xeral da necesidade de ocuparnos dun tema tan transcendente como o medio ambiente”.

Desta forma, este espazo “supoñerá tamén unha loitará contra o negacionismo. Non nos podemos deixar enganar. Estamos a asistir a un desastre ambiental no planeta. Nunca se desconxelarón os polos como sucede agora, nin os mares estaban infectados de plásticos como agora...hai unha emerxencia real, e o sindicato, como sempre, ante as necesidades, ten que dar un paso adiante e traballar de xeito conxunto con aquelas organizacións que queremos contribuír a iniciar un retorno cara a un planeta no que sexa posible vivir e sexa equilibrado medioambientalmente”.

“Sen planeta non hai emprego”, considerou. “Na Confederación Sindical Internacional (CSI) hai unanimidade sobre esta cuestión. O problema é común. O mundo do traballo está a cambiar, e nós queremos marcar a pauta con autoridade nese proceso de transformación”.

Ademais, reclamou unha transición ecolóxica xusta. “Temos unha responsabilidade sobre as persoas e os territorios, algúns moi maltratados desde o punto de vida ambiental. A solución é a implementación de programas responsables que nos permitan que os traballadores e traballadoras manteñan os seus postos de traballo e que a nova actividade se reincorpore a este novo territorio. Antes de desenchufar unha actividade hai que enchufar a nova. Non serven só recursos económicos, senón tamén sociais”.